

Documento asinado



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

INFORME SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2021

En execución das directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda relativas a formación do estado de gastos, ingresos, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para a formación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2021, elaboráronse os devanditos estados, xustificando en cada caso a obtención das contías de cada un dos capítulos dos estados de gastos e ingresos e da situación do endebedamento.

Normativa

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto Lexistativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolvén as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto Lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urgentes, aplicables á Entidades Locais.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolvén as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Directiva 2011/85/EU, do Consello, de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para dar cumprimento a remisión de información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 1 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Antecedentes

O Ministerio de Facenda, abriu a plataforma para a remisión da información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2021, permanecendo en estado de incorporación de información ata as 24,00 horas do día 14/09/2020.

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, en adiante (LEOEsf), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacions Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (agora Ministerio de Facenda), información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, aos efectos de dar cumprimento aos requisitos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro definise máis abaixo, que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Contido da información a subministrar

As liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte contendrán toda a información necesaria conforme á normativa europea e polo menos a seguinte información:

- Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.
- Saldo orzamentario e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculado conforme a normas do sistema europeo de contas.
- Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.
- Información sobre as dotationes de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Páxina 2 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO INTERVENCIÓN XERAL DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

- e) Modificacions significativas nos criterios de orzamentación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.
- f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do plan orzamentario a medio prazo establecido no artigo 6 da devandita Orde. No caso de producirse tales diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada relativa ao devandito plan orzamentario.
- g) O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- h) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda.

Expediente 68/142

Principios básicos das liñas fundamentais do orzamento.

O Orzamento baséase no cumprimento de forma integrada dos seguintes principios:

Equilibrio Orzamentario: Os recursos que se xeren teñen que ser suficientes para financiar os gastos de cada exercicio económico.

Estabiliade Orzamentaria: A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demás actuacións que afecten aos gastos ou ingresos do Concello de Vigo deberán dar como resultado unha situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Sustentabilidade Financeira: Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na LOEoSF, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

Planificación económica: As políticas de gasto público deberán encadrarse nun Plan de planificación plurianual, programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Planificación orzamentaria basearase no escenario marco-orzamentario máis probable ou nun escenario máis prudente. Sobre este extremo, xa foi remitido nos prazos legais previstos o Marco Orzamentario do período 2021-2023 e asinado en data 09/03/2020, nº rexistro 2020-00175298-E , sobre o que se sustancia agora as liñas fundamentais do orzamento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 3 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Perímetro de consolidación

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

Entidade local principal.

Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.

Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomáronse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local. En este sentido no Inventario de Entes do Sector Público, o Concello de Vigo ten como entes dependentes os Organismo Autónomos seguintes:

Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

Así mesmo, o Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuarios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexistativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica crease o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algun con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas, formando parte do perímetro de consolidación do Orzamento da Xunta de Galicia.

No inventario de entes están engadidas no perímetro de consolidación as Fundacións seguintes: (MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI), polo que se toman en consideración aos efectos de consolidación de estados.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 4 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

En consecuencia co anterior, as sociedades mercantís e o CCVY, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo, queda limitado á Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Convention Bureau, Fundación FAIMEVI e a Fundación MARCO.

O financiamento da Fundación MARCO e é maioritariamente a cargo do Concello, financiando case o 70% do seu orzamento, e a da CONVENTION BUREAU, está próxima ao 50%, polo que, a consolidación non vai ter repercusión algúnhia, xa que hai que anular as transferencias de financiamento que se fan ás Fundacións.

Aínda estando actualmente no Inventory de Entes do Sector Local e cualificada como un ente dependente do Concello de Vigo, formando parte do seu perímetro de consolidación, non se inclúe a Fundación FAIMEVI por estar a esta data en proceso de liquidación accordada polo Patronato por imperativo legal (apartado 2 da Disposición adicional 9ª da Lei 7/1985, pola modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro), proceso que xa levou ao despido dos traballadores, quedando polo tanto xustificada a non inclusión da mesma nas liñas fundamentais do orzamento para o ano 2020, xa que non ten orzamento aprobado para o ano 2019 e tampouco o terá para o ano 2020.

Obxectivos de cumplimento da rega do gasto, estabilidade e endebedamento, trienio 2018-2020 (prorrogados)

O artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira relativo ao Establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto de Administracións Pùblicas, sinala no seu apartado primeiro que corresponde ao Goberno da Nación a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Pùblicas como para cada un dos seus subsectores.

Ásimosmo, o apartado segundo establece que para a fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a rega de gasto reflectida no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira, a cal será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus orzamentos.

A esta data non hai outros obxectivos aprobados de estabilidade orzamentaria, rega de gasto e de débeda pública para o conxunto da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e de Entidades locais, que os correspondentes ao acordo do Consello de Ministros de 11 de febreiro de 2020, polo que, áinda que a situación económica xerada pola COVID19, fan inviables estes obxectivos, non entanto, estanse a aplicar para a elaboración das liñas fundamentais e para a formación do Orzamento 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 5 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 68/142

Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento, % sobre PIB

Subsectores	2021	2022	2023
Administración Central	-0,40%	-0,30%	-0,10%
Seguridade Social	-1,00%	-0,90%	-0,80%
Comunidades Autónomas	-0,10%	0,00%	0,00%
Entidades Locais	0,00%	0,00%	0,00%
Total	-1,50%	-1,20%	-0,90%

Débeda segundo Protocolo de Déficit Excesivo, % sobre PIB

Subsectores	2021	2022	2023
Administración Central e Seguridade Social	68,60%	67,70%	66,60%
Comunidades Autónomas	22,80%	22,10%	21,40%
Entidades Locais	2,00%	1,90%	1,80%
Total	93,40%	91,70%	89,80%

Taxa de Referencia de crecemento de medio prazo do PIB da Economía Española (TRCPIB)

Subsector	2021	2022	2023
Entidades Locais	3,00%	3,20%	3,30%

Orzamento de partida aos efectos de fixar as liñas fundamentais

A base de cálculo é a Líquidación Orzamentaria do ano 2019, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 11/02/2020 (Expediente 133/143), da que se deu conta ao Pleno na Sesión do 26/02/2020, que xa foi enviada ao MINHAP, e do Orzamento para o ano 2020 aprobado con carácter definitivo polo Pleno da Corporación en sesión do 23/12/2019, sendo polo tanto as bases de cálculo citadas un instrumento obxectivo, sempre dentro da variación da TRCPIB para o



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Páxina 6 de 27

Expediente 68/142

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

ano 2021 que está fixada no 3,00% en relación co ano 2020.

O procedemento de elaboración será a Liquidación do orzamento do ano 2019, sobre o que se aplica a TRCPIB do ano 2020 (2,9%) e sobre esta, a TRCPIB para o ano 2021 (3,00%).

Coa excepción da variación tendencial do gasto e dos ingresos e os convenios vixentes en materia de cofinanciamento, non se adoptaron a esta data, decisión algúnhia que supónha un aumento ou redución do gasto, nin supresión de organizacións ou organismos (Por acordo do Pleno en sesión de 26/10/2015, disolvérense os OO.AA Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias Vigo Zoo), a esta data, está en fase de Liquidación a Fundación Intermunicipal da Enxería (FAIMEVI). Tampouco hai axustes de servizos máis aló daquelas diferenzas que xurdiron pola entrada en vigor do novo contrato de mantemento da rede semafórica e o novo contrato de mantemento de xardíns e parques infantís a partires do 1 de outubro do ano 2020, o novo contrato do SAF, cun maior nº de horas de prestación e de maior custe hora a partires do 19/10/2020, o contrato de prestación de servizos de apertura e peche das instalacións deportivas da periferia, novos contratos de Escolas infantís, o servizo integrado de comunicacións, así como os axustes en aquelas prestacións que están suxeitas á variación de algún índice (PIB, Convenios laborais, etc)

Ao marxe de cal sexa o resultado do procesos que se están a tramitar, se vai a reflectir o contido do artigo 69 da Lei 2/2017 de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación , en relación co réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar polos Concellos e Municípios e Mancomunidades en materia de escolas infantís e centros de día.

Competencia para aprobación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2021

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHI, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, e será aprobado pola Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Díitame da Comisión de Orzamentos e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da TRCPIB, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente, áinda que se deberá dar conta ao Pleno da Corporación, por ser este o órgano que ten competencia para aprobalo, áinda que esta dación de conta non é vinculante.

En execución dese mandato legal, elaboráronse as liñas do orzamento que agora van ser sometidas á aprobación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 7 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, as liñas fundamentais do orzamento do ano 2021.

Criterios tidos en conta para a formación liñas orzamentarias

As liñas fundamentais do orzamento da entidade local deberán elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local (SEC-2010).

A información está en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de: Entidade local principal, Organismo Autónomo dependentes da entidade local principal, Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais e estean sectorizados como Administración Pública, incluíndo ás Fundacións MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEV.

En relación co estado de Gastos

Non hai modificacións significativas nos criterios de orzamentación que dificulten unha comparativa homoxénea co exercicio precedente, coa excepción de reflectir no Orzamento do ano 2021 as anualidades correspondentes ao Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. O financiamiento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Tamén quedan reflectidos os convenios viventes con outras Administracións, tanto Estatal, Autonómica como Provincial en relación co cofinanciamento de infraestruturas. En este sentido, hai que resaltar o convenio co Adif e coa Xunta de Galicia, relacionado co acceso á estación do AVE e a Intermodal, co Ministerio de Fomento relacionado coa humanización e melloras nos subministros de auga e saneamento na Avda. De Madrid e o asinado coa Deputación de Pontevedra en relación coa infraestrutura do Campo de Fútbol de Balaidos.

En canto ás variacións en relación co previsto no marco orzamentario de medio prazo, so se resaltan se se producen variacións superiores ao 2%, que poden ser á baixa ou á alza.

- As asociadas a actualizacións das retribucións dos empregados públicos, non hai variación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Páxina 8 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO INTERVENCIÓN XERAL DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

- As variacións no capítulo 2, é dun (1,06%), a causa son os convenios que figuraban neste capítulo en relación con programa do inserción laboral da AGE e o convenio da Excmra. Deputación de Pontevedra relativo ao mantemento de vitorio e beirarrúas nas parroquias, que non figurán nas liñas fundamentais.

- Capítulo 4, sen variacións.

- Nos axustes de anualidades de investimentos do capítulo 6 do estado de gastos hai unha variación moi importante, un 24%, tendo a súa xustificación no artigo 4 do Real Decreto lei 27/2020, que en aplicación do RD-I, se está tomando en consideración unha contía de 18 millones de euros, tendo en conta as seguintes hipóteses: Contía total do préstamo que as EELL poñen a disposición do Tesouro Público: 14.000 millones. Contía do préstamo que o Concello pon a disposición do préstamo: 80 millones. Importe do 60% que representa no fondo de 5.000 millones, 18 millones.
- En canto á variación do capítulo 4 do estado de ingresos, está afectado igualmente pola contía prevista no artigo 4 do Real Decreto Lei 27/2020.
- O capítulo 7 de ingresos no marco orzamentario, tiña reflectida a posibilidade da sinatura do convenio coa Deputación de Pontevedra con carácter previo a esta data, polo tanto, agora mesmo non se está a reflectir esa contía, que podería quedar reflectida no orzamento si se produce no marco temporal axeitado.
- O orzamento que conformaba o Marco Orzamentario reflectía unha contía total de 273, millones, mentres que as liñas fundamentais están a refletir 277 millones de euros.

Capítulos	Gastos en millones		Marco orzamentario	Liñas Fundamentais	Ingresos en millones	Liñas fundamentais
	Marco orzamentario	Liñas Fundamentais				
1	76,20	75,94			114,40	114,00
2	132,30	130,70			8,80	8,90
3					45,70	42,70
4	28,40	28,30			83,03	100,60
5	,60	,60			2,70	2,80
6	33,40	43,50				
7	1,05	1,59			17,70	10,90

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/09/2020 14:13	Página 9 de 27
Expediente 68/142	CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO INTERVENCIÓN XERAL DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Segundo a Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os gastos do ano 2021 tomaranse segundo as dotaciónns iniciais, mentres que as do ano 2020, faranse tendo en conta as previsións de obrigas que se van a reconñecer. É dicir, para o ano 2020, segundo o formulario F.2.1.2., debe facerse a proxección da Liquidación do estado de gastos, mentres que para o ano 2021 son as dotaciónns iniciais. A heteroxeneidade dos criterios, vai amosar unha contía superior en ingresos tendo en conta a previsión de Liquidación coñecida a esta data con todos os padróns aprobados que as previsións iniciais do ano 2021. En sentido contrario, hai unha estimación de obrigas recoñecidas na previsión da Liquidación do ano 2020 por contía inferior cos créditos iniciais previstos para o ano 2021.

A variación do gasto e a proxección das obrigas recoñecidas do orzamento ao período 2020-2021, está a respectar a TRCPIB, polo tanto, en ningún caso a variación, illando a contía que regula o artigo 4 do RD-I 27/2020, non só non excede esa marxe, senón que se mantén por debaixo, baseando a variación sempre sobre a Liquidación do Orzamento do ano 2019 e a prevista para o ano 2020.

As variacións que se conteñen na formación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2021, teñen base nas directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda que forman parte do expediente.

Os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc.

As previsións de liquidación do orzamento do ano 2020, ten a súa orixe nas porcentaxes de obrigas recoñecidas nos últimos cinco anos. Ademais do histórico, tamén se toma en consideración as obrigas recoñecidas a esta data así como os expedientes en trámite correspondentes aos investimentos e as previsións de obrigas que en cada caso poden xesar ao longo do ano 2020, de aí que a base de cálculo que se está a ter en consideración, é unha base obxectiva con un alto grado de certeza.

CAPÍTULO 1 (Gastos de Persoal).

Sobre as previsións actuais, considérase que a variación nas retribucións do persoal non experimentarán crecemento algúin no ano 2021.

A aplicación 9200.1430001 que reflicte a dotación para as relacións laborais indefinidas, conterá a contía necesaria para facer fronte ao gasto de todo o exercicio orzamentario.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 10 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO INTERVENCIÓN XERAL DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

A aplicación orzamentaria 9200.1400000, terá un crédito en todo momento que de cobertura a totalidade dos contratos vixentes, polo que a súa orzamentación inicial será adecuada aos contratos vixentes a 1 de xaneiro do ano 2021.

A dotación que reflecta o capítulo ten que posibilitar facer fronte aos gastos totais da plantilla vixente, que inclúe ao persoal funcionario de carreira, interino, persoal laboral fixo, indefinido, laboral temporal así como o persoal eventual.

Estarán dotados todos os postos ao marxe de que estean incluídos ou non en algunha Oferta de Emprego Público.

Tendo en conta o perímetro de consolidación, as liñas fundamentais abarcarán ao Concello, ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Convention Bureau e á Fundación MARCO, estando a Fundación FAIMEVI, que forma parte do grupo de consolidación "Concello de Vigo", en proceso de liquidación, polo que non aproba orzamento.

O límite deste capítulo será o previsto para o ano 2020, polo que, si se produce algún axuste porcentual como consecuencia da previsión de crecemento da parte variable do II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e das condicións de traballo, o axuste á baixa será incorporado á aplicación 9200.1600001.

CAPÍTULO 2 (Gastos en bens correntes e servizos).

Neste capítulo prodúcese unha variación á alza como consecuencia da entrada en vigor do novo contrato de mantemento de xardíns e parques infantís a partires do 1 de outubro do ano 2020 e do mes de marzo do ano 2021, o novo contrato do SAF con maior nº de horas de prestación a un custe hora superior co actual, o contrato de inserción laboral, o contrato de prestación de servizos de apertura e peche das instalacións deportivas da periferia, novas licitación dos contratos de Escolas infantís e escolas artísticas, así como os axustes en aquelas prestacións que están suxeitas á variación de algúns índice (PIB, Convenios laborais, etc). A súa dotación, deberá incluir a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en trámite, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato.

Por outra banda, hai unha diminución en relación cos convenios e subvencións doutras administracións (Deputación de Pontevedra, AGE), en relación a programas de inserción laboral, programas de mantemento viario e beirarrúas en parroquias, cofinanciamento de actividades deportivas, entre outras.

O incremento esperado estará en torno ao 1% en relación coa dotação do ano anterior.

Hai que ter en conta que a variación que se está a fixar en relación ao ano 2020, é sobre os créditos iniciais, non sobre a liquidación prevista.

Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 11 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1



**CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN**

Así mesmo, o conxunto dos empregos non financeiros deberá estar dentro do acordado en relación coa Taxa de Referencia de crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo (TRCPIB), que para o ano 2021 quedou fixada no 3,00%, (Acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro de 2020), Non está previsto a incorporación de novos servizos, polo que, a variación cuantitativa está relacionada coa mellora na intensidade e calidade na prestación dos servizos vixentes.

CAPÍTULO 3 (Gastos financeiros)

Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacions de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías.

Non hai que facer dotación algúnhha xa que o Concello non ten débeda financeira, polo que non hai devengo de xuros por préstamos.

En todo caso, hai que incorporar unha dotación para un posible rendemento negativo na colocación de recursos e para a taxa de facilidade de depósito.

CAPÍTULO 4 (Transferencias e Subvencións Correntes)

As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes, engadindo, entre outras, as transferencias de financiamento ás Fundacións, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Mancomunidade de Municipios da Área de Vigo, Entidade Menor de Bembibre, subvención aos usuarios do transporte público colectivo canalizadas a través da concesionaria, Becas de comedor e libros, Axudas de emerxencia, Axudas para alimentos, alugueiros e carencia enerxética, axudas ao deporte, axudas a creación e fomento do emprego, axudas a colectivos culturais....

Neste capítulo están as subvencións a actividades ou estímulos concretos e noutrous casos, son transferencias de financiamento, como é caso do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións, Mancomunidade, Entidade Menor de Bembibre. Pola súa importancia, a maior contía corresponde á subvención aos usuarios do Transporte urbano colectivo, que tendo en conta a condición de usuarios descoñecidos, o prezo de billete é único para todos os usuarios, e se subvencioná unha parte do custe a determinados colectivos por razóns de rendas e outras causas canalizadas a través da concesionaria do servizo, no figurando como subvencionados na Base Nacional de Subvencións os usuarios, áinda que pagan unha contía inferior que a tarifa aprobada para a concesionaria .

Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>


Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 12 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Non hai previsións de incrementos neste capítulo, polo que as pequenas variacións non serán superiores en ± 1% en relación co ano 2020, sempre en termos de estados consolidados.

CAPÍTULO 5 (Fondo de Continxencia).

O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, que será coincidente ca prevista para o ano 2020.

CAPÍTULO 6 (Investimentos reais).

Os empregos deste capítulo van a estar condicionados polo acordo que se adopte en canto a participación que teña o Concello no Fondo de 5.000 millóns que regula o artigo 4 do RD-lei 27/2020, que a súa vez, está relacionado co compromiso de achega do RLTTG ao préstamo que outorguen as EE.II.LA AGE.

A estimación dunha contía de compromisos de 14.000 millóns, unha achega do Concello de Vigo de 80 millóns, polo tanto, unha participación de 28,6 millóns, dos que o 60% corresponde ao ano 2021, sendo a contía de 18 millóns.

Ao financiamento propio, haberá que engadir o cofinaciamento doutras administracións a proxectos de investimento concretos, o que deberá representar unha porcentaxe entre o 13% e o 15% dos empregos correntes non financeiros.

Nos investimentos anuais terase en conta a anualidade prevista para facer fronte ao programa de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Os programas vinculados ao programa son:

Servizo de Administración electrónica (OT2), para o desenvolvemento integral da administración electrónica regulada na Lei 39 e 40/2015 e na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Área de Benestar social (OT9), con programas de integración de acordo ao plan financeiro obxectivos e liñas de actuación.
Área de Economía e Emprego (OT9).



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 13 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Área de Fomento (OT4 e OT6), que abarca operacións de eficiencia enerxética, mobilidade, accesibilidade....

Tamén serán obxecto de incorporación ao orzamento, os convenios asinados ata a data con outras administracións, con especial referencia á: Excma. Deputación Provincial de Pontevedra en relación coas obras no Estadio de fútbol de Balaídos, as obras do túnel da Rúa Lepanto e acceso á estación do AVE e a Intermodal polas anualidades que correspondan ao ano 2021, que cofinancia ADIF, a Xunta de Galicia e o Concello, así como as correspondentes á Avd. De Madrid que cofinancia o Ministerio de Fomento, entre outras.

Así mesmo, incorporaranse as anualidades dos gastos plurianuais dos investimentos financiados con financiamento propio que tiveron o seu inicio no ano 2020 ou anteriores.

Faranse os axustes anuais en función do prazo de execución dos proxectos e o seu estado de tramitación, polo que, será necesario desprazar algúnsha anualidade ao ano 2022.

O capítulo 6, de investimentos reais, deberá axustar a súa dotación ao Plan de Actuación de Inversión e Financiamento incorporado ao Orzamento do ano 2021.

O plan de investimentos do ano 2021, deberá estar nunha marxe dos 38-42 millóns de euros sempre e cando se cumpran ou se aproxime a contía prevista de participación no Fondo de 5.000 millóns previsto no artigo 4 do RD-Lei 27/2020.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e subvencións de capital)

As transferencias de capital, se fose o caso, unha vez feito o axuste de consolidación da Xerencia Municipal de Urbanismo e outras fundacións que forman parte do perímetro de Consolidación en termos SEC-2010 (MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI), a dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AAVV, as da Entidade Pública Empresarial Red.es, Prox. Edificios Intelixentes, as axudas a novas ou melloras de instalacións deportivas e axudas para a mellora de infraestrutura de inmobilés das asociacións sen ánimo de lucro, así como aquelas que se correspondan co convenio Adif, Xunta e Concello polo acceso á estación do Ave e a Intermodal.

Tendo en conta a contía reflectida no ano 2020, a variación que se produza non terá unha repercusión importante e termos porcentuais nin cuantitativamente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 14 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

CAPÍTULO 8 (Activos financeiros).

Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en gastos; axustándose á baixa a dotación do ano anterior.

CAPÍTULO 9 (Pasivos financeiros).

Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas.

Este capítulo non está reflectir contía algunha despois da amortización total da débeda financeira. O saldo deste capítulo ten a súa aplicación no capítulo 6 de investimentos reais.

MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS

Criterio xeral aplicado.

As Ordenanzas fiscais en trámite non prevén a actualización de tipos, polo que, as variacións que se produzan nos capítulos, agás do 4 e 7, serán pouco relevantes, e estarán asociadas a axustes de padróns e variacións tendenciais.

CAPÍTULO 1 (Impostos directos, IBI, IAE, IIVTNU, IVTM, Cesión IRPF).

Os impostos directos regulamentados na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, son os seguintes: Imposto de Bens Inmobilés, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, reflectíndose neste capítulo a cesión por IRPF da Administración Xeral do Estado, por estar este Concello no ámbito subxectivo previsto no artigo 111 do TRLRFL.

A variación que se terá en conta axustarse ao contido das Ordenanzas Fiscais, axustando os padróns ás variacións tendenciais da contxuntura económica. En relación cos tipos aplicables aos Impostos directos, non está prevista variación en relación co ano anterior, agás as que xurdan dos axustes dos padróns.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 15 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO INTERVENCIÓN XERAL DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

O Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no seu artigo 4, establece que a formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. En consecuencia as variacións que se produzan é consecuencia de novas altas ou revisións e actualizacións dos obxectos tributarios existentes.

En canto as previsións polo IBI, BICES, IAE, IVTM, IIVTMU, a Dirección de Ingresos non prevé aumento, facendo un axuste á baixa na xestión dos atrasos de IBI.

En relación co imposto cedido polo Estado do IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAP, que a esta data non está notificada. Vaise a facer a mesma previsión que os ingresos a conta do ano 2020. De notificarse unha variación antes da aprobación do orzamento, faríase o axuste.

No se prevé unha variación técnica superior ao 0,35%.

CAPÍTULO 2 (Impostos indirectos, ICIO, Cesión IVE e Cesión II.EE).

Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras, a variación do ICIO ten causa na actividade, tendo un previsión de variación do 2%.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, sempre tendo en conta as entregas a conta regularizadas, até que se achegue outra información. De notificarse unha variación antes da aprobación do orzamento, faríase o axuste.

A variación vai estar en torno ao 3%, aínda que este capítulo ten un pese específico moi baixo no conxunto do Orzamento.

CAPÍTULO 3 (Taxes, prezos públicos, ocupación de dominio público, infraccións).

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxes, prezos públicos e outros ingresos, non teñen variación en relación co ano 2020, son axustes, polo que a variación vai ser insignificante, en torno ao 0,5%.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Páxina 16 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

CAPÍTULO 4 (Ingresos por transferencias de financiamento, subvencions e cofinanciamiento de servizos como o SAF e CEDRO).

O concepto relevante deste capítulo é o do Fondo Complementario de Financiamento.

O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento (FCF) e na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma.

En canto aos primeiros, as previsións para o concepto de FCF, vaise a axustar aos ingresos a conta do ano 2020 até que se teña outra información. De notificarse unha variación antes da aprobación do orzamento, faríase o axuste.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma farase a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación, manténdose as contías do ano 2020.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar ten conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar. A previsión estará en función das horas polo financiamento hora.

Para o servizo do CEDRO mantense a contía das entregas a conta até a data.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma contía ca do ano precedente, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste, salvo que concorra algúnsha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

Non hai a esta data convenio alguno asinado que afecte a este capítulo, na formación do Orzamento do ano 2020, si estaban comprometidas achegas da Excmra. Deputación de Pontevedra o do programa da AGE para a Inserción Laboral.

Como excepcional, haberá que estar as contías que corresponda reflectir neste capítulo pola participación no Fondo de 5.000 millóns que regula o artigo 4 do RD-lei 27/2020, que a súa vez está relacionado coa contía dos compromisos de por a disposición da AGE o saldo do RLTGG. Da contía que supoña, o 60% corresponde ao ano 2021.

As estimacións prevén unha variación do 22% neste capítulo, áinda que, condicionado pola falta de información en relación con FCF.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 17 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo
Expediente 68/142
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13 | Página 18 de 27
CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Expediente 68/142

CAPÍTULO 5 (Ingresos patrimoniais).

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobilés e rendementos financeiros. Este capítulo foi obxecto de axustes en anos anteriores en función dos tipos de retribución dos excedentes financeiros. Tendo en conta que os tipos de retribución xa están ofertados polas entidades que se presentaron ao procedemento aberto de contratación para a selección de entidade xestora na recadación, sendo a oferta que resultou seleccionada a que ofertou 20 e 15 puntos básicos por encima do custe efectivo do Estado a tres e 12 meses, polo que o rendemento medio non se prevé máis que 30 puntos básicos, que deberán ser aplicados á previsión que se estableza de saldos medios.

Tamén se imputarán a este capítulo, a explotación por alugueiros do Auditorio Mar de Vigo e Zonas Complementarias.

Faise a previsión de acordo aos contratos vixentes. Ademais, tamén se fará a preceptiva dotación no estado de gastos. De producirse algún cambio na titularidade, producirase un menor ingreso pero tamén un menor gasto.

A variación que se produce é positiva polo axuste nos ingresos patrimoniais sobre a previsión do ano anterior.

A retribución dos saldos de tesorería prevese nula, facéndose unha dotación na aplicación 9340.2270801 para facer fronte aos gastos da taxa de facilidade de depósito que están a cobrar os bancos polos depósitos como compensación ao custe que soportan pola indisponibilidade que lle impón o BCE.

CAPÍTULO 6 (Alleamento de Investimentos reais).

As operacións de ventas de PMs, tendo en conta que están inventariadas na XMU, corresponderá ao Organismo Autónomo o seu rexistro. En relación coa venda de bens patrimoniais que se produzian na Entidade Local, se fose o caso, rexistraranse no acto no que se produza a mesma, tramitando a preceptiva modificación orzamentaria no estado de gastos pola contía da venta.

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Expediente 68/142

CAPÍTULO 7 (Transferencias e Subvencións de Capital).

O Capítulo VII de Transferencias e Subvencións de Capital do Orzamento de Ingresos, ten previsto as contías que se corresponden co programa DUSI e cos convenios vixentes coa Deputación de Pontevedra en relación coa reforma de Baláidos e os da Administración do Estado e Autonómica. Todos os acordos de cofinanciamento teñen que estar asinados entre as partes.

En relación ao Programa DUSI, rexistrárase a subvención correspondente aos empregos previstos no Estado de gastos do Orzamento que xestionan os servizos de: Fomento, Administración electrónica, Emprego e Benestar Social.

O orzamento reflectirá o financiamento do Ministerio de Adif e da Xunta de Galicia en relación co proxecto das obras do Túnel de Lepanto e acceso á Estación do AVE e a Intermodal, sendo as contías as previstas no convenio asinado entre as partes. Así mesmo, no estado de gastos, reflectírse as achegas das tres administracións financeiradoras do proxecto.

Tamén se reflectirá o financiamento polos ingresos correspondentes ao Convenio co Ministerio de Fomento en relación coa mellora da infraestrutura da Avd. De Madrid.

Se se asinasen convenios de financiamento finalista con outras administracións antes de pechar a información do ano 2021, habería que incorporalos. En consecuencia, os servizos xestores terán que remitir a información se concorre esta circunstancia.

CAPÍTULO 8 (Activos Financeiros).

Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

CAPÍTULO 9 (Pasivos Financeiros).

Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operación de débeda no ano 2021, estando os investimento finanziados na súa totalidade polo superávit orzamentario.

Os datos que se amosan nas táboas correspondentes ao ano 2020-2021, son o resultado da consolidación en relación coa Liquidación do ano 2019. Os distintos capítulos son o resultado da suma da Entidade Local e o seu Organismos Autónomo, deducindo a transferencia corrente que se producen entre a Entidade a XMU e Fundación MARCO, CONVENTION BUREAU e FAMVEVI así como a que se produce entre a XMU e a Entidade Local.

Límite do gasto non financeiro.

O artigo 30 da LOEPSF establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacions Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.

A TRCPB para o ano 2021 aprobada polo Consello de Ministros celebrada o día 11 de febreiro de 2020, é do 3,00%.

O artigo 12.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustibilidade Financeira, establece o sistema de cómputo da regra de gasto. Entenderase por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto finanziado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacions Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

O artigo 13.3 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, regula a información a subministrar no proceso de formación e aprobación do Orzamento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 20 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO INTERVENCIÓN XERAL DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas. É dicir, non require a análise de cumprimento da regra fiscal de gasto ata a liquidación do orzamento. Para o cálculo da regra fiscal de gasto, non se terán en conta os empregos finanziados con fondos finalistas, que no orzamento do ano de 2020 teñen a seguinte composición:

Subvencións finalistas recibidas que son obxecto de axuste na regra de gasto e axustes de financiamento.

Cadro de axustes.

Concepto	Institución/CONCEPTO	Importe
45002	Xunta de Galicia/ Plan Concertado, SAF	4.167.372,00
45003	Xunta de Galicia/Cedro	535.618,00
42091	Administración Central/Sub., Transporte urbano colectivo	1.295.527,00
42099	60% Fondo 5.000 de reconstrucción	18.000.000,00
46700	Transferencia Consorcio CV. Personal adscrito	36.468,46
Total cap.4		24.034.985,46
72390	Subvención Adif, acceso AVE por C/Lepanto	3.805.379,28
72000	Subvención Fomento, Avd. De Madrid	1.497.617,69
75060	Subvención Xunta de Galicia, acceso AVE por C/Lepanto	793.619,28
76110	Subvención Deputación Convenio, Balaídos	2.940.000,00
791	Programa Europeo de Desenvolvemento Urbano Sostible	1.894.745,96
Total cap.7		10.931.362,21
Total (A)		34.966.347,67

Axustes de consolidación (B)



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 21 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



**CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN**

Expediente 68/142

Aplicación	Institución	Importe
1510.4100000	Transferencia de financiamento á XMU	5.829.965,00
3330.4890003	Transferencia de financiamento á FUNDACIÓN MARCO	605.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTUN BUREAO	200.000,00
		6.634.965,00

Transferencias a outras Administracións, achegas que fai o Concello que non son finalistas e polo tanto non computan na regla de gasto (C)

Aplicación	Institución	Importe
3330.4890001	FUNDACIÓN LAXEIRO	80.000,00
3330.4890000	FUNDACIÓN LISTE	125.000,00
3410.4890002	FUNDACIÓN VIDE	125.000,00
9420.4630000	MANGOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO	178.570,64
9420.4680000	ENTIDADE MENOR DE BEMBRIBÉ	284.570,64
TOTAL (B)		793.141,28

INEXECUCIÓN prevista, orzamento consolidado 2021 (limitativos), calculado en termos de obrigas recoñecidas, ao marxe do saldo de compromisos que se incorporen como remanentes ou os créditos disponibles con financiamento afectado que tamén serán obxecto de incorporación (D).

Capítulo	Importe	%Execución	%Inexecución	Imp. Inexecución
1	75.933.585,74	96,00%	4,00%	3.037.343,43
2	130.698.020,30	97,00%	3,00%	3.920.940,61
4	26.712.509,38	97,00%	3,00%	801.375,28
6	41.445.859,47	80,00%	20,00%	8.289.171,89
7	1.479.052,97	96,00%	4,00%	59.162,11
Total (C)	276.269.027,86			16.107.993,32

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Páxina 22 de 27

Expediente 68/142

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/09/2020 14:13	Página 23 de 27
Expediente 68/142	CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Expediente 68/142

(4) Total axustes Regra gasto (A+B+C+D): 58.502.447,27 euros.

Verificación do cumprimento da regra fiscal de gasto

Concepto	Contíñas
Gasto líquido SEC-2010, 2019 Grupo de consolidación	218.670.775,75
Límite da Regra de gasto, 2019	235.399.544,13
TRCPIB ₂₀₂₀ (2,9%), sobre liquidación 2019	225.012.228,30
2GNF máximo, TRCPIB ₂₀₂₁ (3,00%) (1)	231.762.595,10
GNF, Orzamento 2021 (2)	-276.987.557,83
Desviación 3 = (1-2)	-45.224.962,73
Axustes (4)	58.502.447,27
Cumprimento 5 = (4-3)	13.277.484,54

O artigo 15.3 dá Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, regula ou contido do informe. O informe da intervención de cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda, non se require que na aprobación do Orzamento o informe da intervención se manifeste sobre o cumprimento do obxectivo de cumprimento da regra fiscal de gasto.

Este si é un requisito no informe que se emita sobre o cumprimento das regras fiscais como consecuencia da Liquidación do Orzamento, que se terá en conta aos efectos de aprobar, se fose o caso, o preceptivo Plan Económico Financeiro e o Plan de Axuste, que responderían a un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de incumprimento da regra de gasto.

Documento asinado



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Estado de ingresos Consolidado, incluído a Fundación Marco e Convention Bureau

Capítulos	Estimación D. Reconocidos 2020	Variación	Estimación Previsões iniciais 2021
I e II	126.613.626,24		122.642.284,85
IBI	73.758.300,00		71.160.000,00
IAE	13.500.000,00		13.901.000,00
IVTM	15.015.000,00		15.015.000,00
IVTNU	7.500.000,00		7.400.000,00
ICIO	2.869.727,24		2.001.000,00
Cesión Tributos Estado	13.970.599,00		13.165.284,85
III	45.040.608,15		42.001.359,71
IV	82.393.672,36		98.599.555,06
FCF	66.760.293,76		66.389.004,00
Resto transferencias e subvenciones	15.633.378,60		32.210.551,06
V	2.732.000,00		2.812.396,00
Total I. Corrente N. Financeiro	256.779.906,75	-2,01%	266.056.195,62
B) Detalle Ingresos Capital N.F			
VI	130.306,42		,00
VII	11.153.132,82		10.931.362,21
Ingresos capital NF	11.283.439,24		10.931.362,21
Total Ingresos N. Financeiros	268.063.345,99	0,96%	276.987.557,83
C) Detalle Ingresos Financeiros			
VIII	476.200,00		532.000,00
IX	,00		,00
Total Ingreso Financeiro	595.000,00		532.000,00
Total Orzamento	268.658.345,99	0,96%	277.519.557,83



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/09/2020 14:13	Página 24 de 27
Expediente 68/142	CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Estado de gastos consolidado, incluído a Fundación Marco e Convention Bureau

Expediente 68/142

	Capítulos	Estimación Liquidación 2020	% variación	Estimación Créditos iniciais 2020
A) Detalle de Gasto Corrente N.F				
I	69.424.166,18			75.933.585,74
II	126.240.110,04			130.698.020,30
III	1.000,00			118.530,00
IV	26.256.050,11			26.712.509,38
Fondo de continxencia				600.000,00
Total G. Corrente N. Financeiro	221.921.326,33	7,51%	234.062.645,42	
B) Detalle Gastos capital Financ.				
VI	32.740.960,48			41.445.859,47
VII	2.248.110,85			1.479.052,94
Gasto capital NF	34.989.071,33			42.924.912,41
Total Gasto N. Financeiro	256.910.397,66	1,00%	276.987.557,83	
C) Detalle Gastos Capital Financ.				
VIII	47.6.200,00			532.000,00
IX	,00			,00
Total Gasto Financeiro	476.200,00			532.000,00
Total Orzamento	257.386.597,66	1,00%	277.519.557,83	



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 68/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 21/09/2020 14:13

Página 25 de 27

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Expediente 68/142

Conceptos	Liquidación prevista 2020	%Variación	Orzamento inicial 2021
Saldo operacións correntes N.F	34.858.580,42		31.993.550,20
Saldo operacións capital N.F	-23.705.632,09		-31.993.550,20
Saldo operacións non financeiras	11.152.948,33	,00	
(+/-) axustes, SEC-2010	-3.507.819,73		2.654.066,52
Capacidade (+) / Necesidade (-)	7.645.128,60		2.654.066,52
Débeda viva a 31/08/2020 e prevista no 2021	,00		,00
A curto prazo	,00		,00
A longo prazo	,00		,00
Ratio Débeda viva/ Ing. Correntes consolidados			

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, condición que xa se cumpría no marco orzamentario.

En canto a débeda financeira viva, hai que informar que non hai saldos vivos pendentes de amortizar.

Obxectivo de débeda pública.

O artigo 13 da LOEPSF, establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública, que para as Entidades locais foi fixado no referido acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro de 2020 no 2,00% do PIB para o exercicio 2021, obxectivo que quedou cumplido ao peche do ano 2019, onde o subsector local pechou cunha débeda do 1,90% sobre o PIB.

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 02/09/2020 12:19:32 - Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 02/09/2020 12:39:56 -



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Conclusión

En cumprimento do acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro de 2020, no que se aproban e proponen os obxectivos de déficit, TRCPIB e Débeda para o ano 2021, e as directrices en relación coas magnitudes tendenciais dadas polo Sr. Concellero de Orzamentos e Facenda, estas son as liñas fundamentais dos orzamentos para o ano 2021 e a previsión de Liquidación do Orzamento do ano 2020, que serán enviados ao Ministerio de Facenda para dar cumprimento ao requirimento antes do día 14/09/2020.

As variacións más substantivas son as do Programa Operativo financiado polo FEDER (programa DUSI) e a incorporación tanto no estado de gasto como no de ingresos, os convenios vixentes en relación co cofinanciamento doutras administracións así como a conta prevista no capítulo 4 do estado de ingresos en relación coa participación no Fondo de 5.000 millóns regulamenteado no artigo 4 do RD-lei 27/2020, de 4 de agosto.

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O Interventor Xeral Municipal: Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/09/2020 14:13 Página 27 de 27

Expediente 68/142

CSV: 2AE48F-BEEE34-84D935-VDCSRT-2R2LBM-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>